

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

Departamento de Arpa

A proba de acceso específica suporá o 60% do total da cualificación da proba de acceso aos estudos superiores de música. O 40% restante corresponderá á media do expediente académico do Título Profesional de Música do/da aspirante.

Características da proba específica de acceso:

PARTE A (90% da nota final da proba específica)

Interpretación dun programa de entre 20 e 30 minutos integrado por obras e/ou estudos de estilos contrastantes, dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso de estos estudos. Valorárase positivamente a interpretación dunha ou de todas as pezas de memoria.

Ao final deste documento, preséntase unha lista orientativa de repertorio para facilitar a elaboración dun programa axeitado ao nivel da proba.

Criterios de avaliación:

- Elaboración do programa (10%)

Programa equilibrado con obras de estilos contrastantes representativas da diversidade de estilos que abarca o repertorio para arpa e dunha dificultade axeitada ao nivel da proba.

-Control técnico do instrumento. (25%)

Utilización dunha técnica axeitada ás pezas e estilos presentados, control do uso dos pedais, adecuación dos dixitados ao discurso musical, ...

-Respeto do texto musical. (25%)

Correcta comprensión e interpretación das indicacións musicais

-Calidade do son. (20%)

Control das posibilidades sonoras do instrumento e limpeza.

Expresividade (20%)

Calidade artística da interpretación, actitude axeitada e calidade comunicativa no escenario, interpretación de memoria.

PARTE B: (10% da nota final da proba específica)

Lectura a vista dun fragmento proposto polo tribunal con 5 minutos de preparación sen instrumento.

Criterios de avaliación:

- Amosar unha lectura fluída (50%)

Mantemento do ritmo e da velocidade aproximada indicada na obra, evitar pausas que non estean indicadas, ...

-Respetar o texto musical (30%)

Atención ao estilo musical, aos matices, á forma do fragmento, ...

-Demostrar capacidade de corrección no caso de cometer algún erro (20%)

Detalles prácticos:

Debido ás medidas de seguridade sanitaria que deberán manterse durante a duración do exame, os membros do tribunal terán un distanciamento que non lles posibilitará compartir copia das partituras das obras que sexan interpretadas; é por iso, que o/a aspirante poderá elixir unha das seguintes opcións para facilitar a labor do tribunal:

- No mesmo momento da proba, entregar para cada membro do tribunal unha copia en papel das partituras do repertorio que presenta, xunto coa relación das obras con indicación da duración aproximada das obras, e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación.

- Enviar cun máximo de 24 horas de antelación, mediante correo electrónico, as partituras en PDF xunto coa relación de obras con indicación da duración aproximada das obras, e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación, ao enderezo electrónico bleuennlefriec@edu.xunta.gal

Repertorio orientativo

Facilitamos a modo de orientación unha guía de autores e algunhas das súas obras coas que se pretende amosar o estilo e nivel interpretativo a valorar durante a proba. Ningunha delas ten carácter obrigatorio e pódese presentar un programa con autores e obras diferentes das aquí relacionadas

Estudios:

Bach-Grandjany: Un estudio

Bochsa: Cinquante Études, Op. 34, 1º Cuaderno

Dizi: Un estudio

Hasselmans: La Source, Op.44

Zabel: Un estudio

Barroco y clásico:

Bach: Preludios.

Dussek: Sonata en Do menor

Haendel: Concierto para arpa en Sib mayor, Op. 4, nº 6, Tema y Variaciones

Naderman: Siete Sonatinas Progresivas

Parry: Sonatas

Scarlatti: Una sonata

Romántico:

Glinka: Variaciones sobre un tema de Mozart, Nocturno

Hasselmans: Gitana

Thomas: The Ministrels Adieu

Impresionista:

Debussy: 1ª Arabesque, Preludios, ...

Ibert: Ballade.
Pierné: Impromptu Caprice
Tournier: Extractos de Images, Au Matin, Féerie ...

Otros:

Golestan: Ballade Roumaine
Guridi: Viejo Zortzico
Rota: Sarabande et Toccata
Respighi: Sicilienne
Glière: Impromptu

Contemporáneo:

Holliger: Sequenzen Über Johannes
Petit: Bleu Nuit
Salzedo: Chanson dans la nuit
Taïra: Sublimation